



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Práctica Penal II

Materia	Práctica Penal II			
Código	V08M110V01202			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Vigo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	García Mosquera, Marta			
Profesorado	García Mosquera, Marta Grande Seara, Pablo López Fernández, María Lourdes Ocampo Martínez, Antonio Rubianes Santos, Fernando Vega Vázquez, Alejandro			
Correo-e	mmosquera@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é a continuación da súa homóloga Práctica Penal I, nela estudianse os recursos no proceso penal, a tipoloxía de procesos penais, algunhas nocións sobre cooperación internacional en materia penal, así como certos aspectos penais sustantivos.			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva
B3	Capacidade de argumentar e rebater ideas, aplicando un pensamento crítico e lóxico.
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdicionais nacionais e internacionais.
C4	Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber encontrar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdiccional.
C5	Coñecer e saber aplicar os dereitos e deberes deontolóxicos profesionais nas relacións do avogado co cliente, as outras partes, o tribunal ou autoridade pública e entre avogados.
C8	Saber identificar os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
C13	Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
C14	Saber desenvolver traballos profesionais en equipos específicos e interdisciplinares.
D2	Capacidade de xestión da información.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Capacidade de argumentar xurídicamente e interpretar criticamente a normativa penal e procesal penal	A2 A4 B2 B3 C3 C4 C8 C10 D2
--	---

Capacidade de identificar problemas xurídico-penais e abordar a súa solución de xeito multidisciplinar.	A2 A4 B2 B3 B5 C2 C4 C5 C8 C10 C14
---	--

Capacidade de utilizar a oratoria do proceso penal e redactar documentos propios do proceso penal	A4 B2 B3 C4 C10 C13
---	------------------------------------

Os estudantes adquirirán a capacidade de interpretar e analizar criticamente os resultados de estudos observacionais e experimentais encamiñados a determinar o efecto do cambio global sobre poboacións, comunidades e ecosistemas mariños.

Os estudantes adquirirán a capacidade de interpretar e analizar criticamente os resultados de estudos observacionais e experimentais encamiñados a determinar o efecto do cambio global sobre poboacións, comunidades e ecosistemas mariños.

### Contidos

Tema	
BLOQUE I	DEREITO PENAL SUBSTANTIVO
TEMA I. A CULPABILIDADE	Causas de exención ou atenuación da culpabilidades.
TEMA II. A PUNIBILIDADE.	Supostos de exclusión da punibilidade.
TEMA III. CAUSAS DE XUSTIFICACIÓN: LEXITIMA DEFENSA E ESTADO DE NECESIDADE	As causas de xustificación. A lexítima defensa. O estado de necesidade.
TEMA IV. ITER CRIMINIS	Actos preparatorios y actos executivos. A tentativa. O desistimento.
TEMA V. AUTORÍA E PARTICIPACIÓN	A autoría. A participación.
TEMA VI. A RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES	Principios informadores da Lei Orgánica 5/2000. Responsabilidade penal dos menores e medidas comprendidas na Lei.
BLOQUE II	DEREITO PROCESUAL PENAL
Tema VII.- OS RECURSOS NO PROCESO PENAL.	1.- Clasificación dos recursos no proceso penal. 2.- Recursos de reforma e súplica. 3.- Recurso de apelación 4.- Recurso de queixa 5.-Recurso de casación. 6.- Recurso de revisión. 7.- Recurso de anulación. 8.- Recurso de amparo.

1- PROCEDEMENTO PARA O ENXUIZAMENTO SOBRE DELITOS LEVES

2.- O PROCEDEMENTO ABREVIADO.-

2.1.- Fase de Investigación: Dilixencias previas

2.1.1 Intervención do Ministerio Fiscal. Defensa do imputado, prexudicados e ofendidos polo delito. Responsables civís.

2.1.2.- Sustanciación da fase de dilixencias previas.

Recoñecemento dos feitos e sentenza de conformidade.

2.1.3.- Conclusión das dilixencias previas

2.2.- Fase intermedia.-

2.2.1.- Traslado e alegación é das partes acusadoras

a) Dilixencias complementarias

b) Sobresemento das actuacións

c) Apertura de Xuízo oral e escritos de acusación

2.3.- Apertura de xuízo oral.- Escrito de defensa

2.3.1 .- Rebeldía do acusado

3.- Fase de xuízo oral.-

3.1.- Admisión de Probas

3.2.- Celebración de xuízo oral

3.3.-Conformidade do acusado no xuízo oral

3.4.- Especial referencia á fase preliminar no acto do xuízo oral

3.5.-Practica da proba

3.6.- Conclusións definitivas

3.7.- Sentenza

4.- Segunda instancia

3-PROCEDEMENTO POR DELITOS GRAVES. SUMARIO

3.1.- Fase de Instrución ou de sumario.

a).- Especial referencia ao Auto de procesamento

b).- Indagatoria

3.2.- Fase intermedia. Sobresemento

3.3.- Fase de xuízo oral.

a).- traslado da causa para instrución

b).- Artigos de previo pronunciamento e conclusións provisionais das partes.

Conformidade do acusado

c).- Acto do Xuízo oral. Práctica da proba.-

Análise do Art. 730 da LECrim.

3.4.- Recursos

---

TEMA IX.- PROCESOS PENAIIS ESPECIAIS

1. ENXUICIAMIENTO RÁPIDO DE DELITOS.
2. TRIBUNAL DO XURADO
  - 2.1. Competencia.-
  - 2.2. Composición do Tribunal do Xurado
  - 2.3. Fase de Instrución.
  - 2.4. Fase Intermedia.
    - a) Escritos de Cualificación provisional
    - b) Audiencia Preliminar
    - c) Sobresemento
  - 2.5.- Fase de xuízo oral.
    - a).- Funcións do Maxistrado Presidente.
    - b)- Formulación de cuestións previas.
    - c)- Constitución do Tribunal do Xurado.- Disolución anticipada de Xurado
    - d)- Conformidade do acusado
    - e)- Celebración de xuízo oral
  - 2.6.- O veredicto.
    - a) Determinación do seu obxecto
    - b) Deliberación
  - 2.7.- Sentenza.
  - 2.8.- Recursos.
- 3.- PROCESO PENAL DE MENORES.
  - 3.1.- Ámbito de aplicación.
  - 3.2.- Expediente de reforma.
  - 3.3.- Fase de audiencia.
- 4.- PROCESO POR ACEPTACIÓN DE DECRETO.
- 5.- PROCEDEMENTO DE COMISO AUTÓNOMO.
- 6.- ESPECIALIDADES PROCESUAIS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- 7.- OUTROS PROCESOS PENAIIS ESPECIAIS:
  - 7.1.- Proceso por delito privado.
  - 7.2.- Enjuiciamiento de delitos cometidos por medios ou soportes de comunicación.
  - 7.3.- Procesos contra Senadores e Deputados.
- 8.- A MEDIACIÓN PENAL

Tema X.- COOPERACION XURÍDICA INTERNACIONAL EN MATERIA PENAL.	1.- Espazo de liberdade, seguridade e xustiza. 2.- Orde Europea de Detención e Entrega. 3.- Proba transnacional. 4.- Outros instrumentos de cooperación. Eurojust e Europol.
---	---

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	46	102	148
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Estudo de casos	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Seminario	As sesións presenciais do Máster adícanse, fundamentalmente, ao estudo de casos e debate de conclusións. Iso complementarase co traballo autónomo que o alumnado debe adicar á preparación destes casos.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Con ocasión das sesións presenciais do Máster, o profesorado atenderá ao alumnado de forma personalizada ao efecto de aclarar dúbidas ou compartir impresións sobre os contidos da materia ou outras cuestións de carácter académico.
Probas	Descrición

Estudo de casos Con ocasión das sesións presenciais do Máster, o profesorado atenderá ao alumnado de forma personalizada ao efecto de aclarar dúbidas ou compartir impresións sobre os contidos da materia ou outras cuestións de carácter académico.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Valorarase a asistencia regular do alumnado aos seminarios e a súa participación nos debates que se establezan na clase	20	A2 B2 C2 A4 B3 C3 B5 C4 C5 C8 C10 C13 C14
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta. O alumnado selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	40	A2 B2 C2 B3 C3 C4 C5 C10
Estudo de casos	Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. O alumnado debe dar resposta á actividade exposta, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	40	A2 B2 C2 D2 A4 B3 C3 C4 C5 C10 C13

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para ter dereito a ser avaliado polo sistema de avaliación continua, o alumnado deberá asistir, polo menos, a un 75% das clases presenciais.

**Primeira oportunidade de exame:** 1. O alumnado que se someta a avaliación continua será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: resultado da avaliación continua (20%), proba tipo test (40%), proba práctica relativa ao estudo de casos (40%). 2. Para o alumnado que non se someta a avaliación continua, ou que quede excluído do devandito sistema, a súa cualificación estará integrada na súa totalidade polo resultado obtido nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

#### **Segunda oportunidade de exame:**

1. No exame de xullo o alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua conservará a nota que obtivera no curso. 2.- Para o alumnado que non se sometera a avaliación continua, ou que quedara excluído do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade polo resultado obtido nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

- CUGAT MAURI, M/BAUCELLS LLADÓS, J./AGUILAR ROMO, M., **Manual de litigación penal. Materiales para la prueba de acceso a la profesión de abogado.**, 1ª, Tirant lo Blanch, 2017
- LUZÓN PENA, D.M., **Lecciones de Derecho Penal. Parte general**, 3, Tirant lo Blanch, 2016
- MUÑOZ CONDE, F.; GARCÍA ARÁN, M., **Derecho Penal. Parte general**, 10, Tirant lo Blanch, 2019
- QUINTERO OLIVARES, G. (Dir.), **Comentarios al Código Penal Español, 2 vols.**, 7, Aranzadi, 2016
- MIR PUIG, S., **Derecho Penal**, 10, Reppertor, 2015
- AA.VV., **Practicum Procesal Penal 2017**, 1, Aranzadi, 2007
- MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, 2017
- MONTERO AROCA, J.; GÓMEZ COLOMER, J.L.; BARONA VILAR, S.; ESPARZA LEIBAR, I.; ETXEBERRIA GURIDI, J., **Derecho Jurisdiccional III. Proceso Penal**, Tirant lo Blanch, 2017
- GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Penal**, Civitas, 2015
- ALONSO-CUEVILLAS Y SAYROL, J. (Dir.), **El nuevo proceso penal tras las reformas de 2015**, Atelier, 2016
- ORTS BERENQUER, E./GONZALEZ CUSSAC, J.L., **Compendio de Derecho penal. Parte General.**, 7ª, Tirant Lo Blanch, 2017
- AVVV, **Memento Practico Acceso a la Abogacía 2017-2018**, 1ª, Francis Lefevre, 2017
- PINA TORRES, G.E., **El desistimiento en la tentativa y el delito imposible**, JM Bosch Editor, 2019
- GRECO, L., **Complicidad a través de acciones neutrales: la imputación objetiva en la participación**, Hammurabi, 2018
- GARCÍA PÉREZ, O., **Las medidas y su ejecución en el sistema de justicia penal juvenil**, Tirant lo Blanch, 2019

### **Bibliografía Complementaria**

LUZÓN CUESTA, J.M., **Compendio de Derecho Penal. Parte general (Adaptado al programa de la oposición a ingreso en las carreras judicial y fiscal)**, 23, Dykinson, 2016

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, J.A., **Comentario a la Ley Orgánica 5/2000, de 12 de enero, reguladora de la responsabilidad penal de los menores**, Bosch, 2016

DÍAZ CORTÉS, L.M., **Derecho Penal del Menor. Una aproximación a su estudio**, Ratio Legis, 2015

PÉREZ DEL VALLE, C., **Lecciones de Derecho Penal. Parte general**, Dykinson, 2016

ZUGALDÍA ESPINAR, J.M. (Dir.), **Lecciones de Derecho Penal. Parte general**, Tirant lo Blanch, 2015

DE LA OLIVA SANTOS, A.; ARAGONESES MARTÍNEZ, S.; HINOJOSA SEGOVIA, R.; MUERZA ESPARZA, J.; TOMÉ GARC, **Derecho Procesal Penal**, Centro de Estudios Ramón Areces, 2007

MORENO CATENA, V., (Dir.), **El proceso penal. Doctrina, jurisprudencia y formularios (5 vols.)**, Tirant lo Blanch, 2000

CONDE-PUMPIDO FERREIRO, C., **Comentarios a la Ley de Enjuiciamiento Criminal y otras leyes del proceso penal (6 vols.)**, Tirant lo Blanch, 2004

PEDREIRA GONZÁLEZ, F. Mª, **En defensa del indulto**, Tirant lo BLanch, 2020

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Práctica Penal I/V08M110V01105

#### **Outros comentarios**

Para o adecuado aproveitamento das clases é preciso dispoñer dos textos legais vixentes da Lei de Enxuzamento Criminal e do Código Penal.

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Dende o momento da suspensión das sesións presenciais do Master as metodoloxías docentes que se utilizarán, tanto para a docencia teórica como práctica, son:

- FAITIC e correo electrónico: o profesorado da materia proporciona ó alumnado, a través desta plataforma de teledocencia ou do correo electrónico, diverso tipo de materiais (presentación, esquemas, casos prácticos, exercicios, lecturas recomendadas, etc.) que lles permitan preparar os contidos correspondentes. A través destes mesmos medios o alumnado tamén pode realizar ou entregar os exercicios e actividades que lles sexan requiridos.

- AULAS VIRTUAIS: A través das aulas virtuais do Campus Remoto da Universidade de Vigo, o profesorado impartirá seminarios de xeito análogo á docencia presencial, polo que se dedicarán, fundamentalmente, ao estudo de casos e debate de conclusións. Iso se complementará co traballo autónomo que o alumnado debe adicar á preparación destes casos. A impartición destes seminarios será comunicada oportunamente ao alumnado e se axustará ás datas e horarios que estaban fixados no cronograma da materia.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): O profesorado atenderá ao alumnado de forma personalizada aos efectos de aclarar dúbidas ou compartir impresións sobre os contidos da materia ou outras cuestións de carácter académico. Estas titorías desenvolveranse fundamentalmente a través de correo electrónico. De ser o caso, tamén se poderán realizar titorías colectivas a través das aulas virtuais.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Co fin de alterar o menos posible o sistema de avaliación que está previsto na guía docente da materia, o sistema de avaliación no caso de docencia mixta ou non presencial será o seguinte:

- Resultado da avaliación continua, que representará o 20% da nota final. Neste apartado valorarase a asistencia e participación en clase do alumnado ata a data de suspensión da docencia presencial, así coma a realización e entrega das actividades avaliábeis que lles sexan encargadas polo profesorado (exercicios, respostas a cuestionarios, casos prácticos, etc.).

- Test teórico-práctico, que representará o 40% da nota final. Esta proba test realizarase de xeito virtual, a través da

plataforma Faitic, na data e hora prevista nos horarios da materia.

- Resolución dun suposto práctico, que representará o 40% da nota final. Esta proba tamén se realizará na data e hora prevista nos horarios da materia e consistirá na resolución nun tempo limitado dun suposto práctico que se lle fará chegar ó alumnado a través da plataforma Faitic; e que una vez realizado, deberán remitir ao profesorado polo mesmo medio. Para a realización desta proba daránselle no seu momento ao alumnado as instrucións oportunas.

No caso do alumnado que opte por non seguir a avaliación continua (por non ter asistido ás sesións presenciais nin entregar as actividades avaliadas encargadas) o sistema de avaliación consistirá na realización dunha proba test teórico-práctica, que suporá o 50% da nota final; e na resolución dun suposto práctico, que representará outro 50% da nota final. Ámbalas dúas probas se levarán a cabo da mesma forma e na mesma data indicadas anteriormente.

Este mesmo sistema de avaliación seguirase tamén, no seu caso, para a segunda oportunidade de exame (convocatoria de xullo). Nesta segunda oportunidade de exame, o alumnado poderá conservar a nota obtida naquelas partes da avaliación que tivera aprobadas (avaliación continua, proba test ou caso práctico), polo que se manterían os mesmos porcentaxes na avaliación. Noutro caso, o sistema de avaliación consistirá na realización dunha proba test teórica-práctica, que suporá o 50% da nota final; e na resolución dun suposto práctico, que representará outro 50% da nota final. Ámbalas dúas probas se levarán a cabo na data fixada oficialmente.

---